

## **CURSO DE TELEFORMACIÓN: “APRENDER A EMPRENDER. FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO” (60 H)**

Do 15 de setembro ao 13 de outubro.

### **Finalidade.**

Son múltiples as posibilidades e os retos aos que ten que facer fronte calquera grupo de persoas que desexe pór en marcha un proxecto cooperativo. O punto de partida dun proxecto será sempre a idea de negocio e o motor o espírito emprendedor das persoas participantes. Esta predisposición para emprender precisa de coñecementos, habilidades e ferramentas para dar forma ao proxecto.

Este curso ten como enfoque fundamental contribuír á posta en marcha da cooperativa e ao desenvolvemento da xestión económica, comercial, laboral, etc. e orientar ás persoas involucradas na definición estruturada do que van producir, como o van producir e como o van vender.

### **Contido e plan de traballo.**

Prevese un calendario de impartición de 4 semanas, establecendo un calendario de titorías semanais de luns a venres con 3 horas diarias.

### **Obxectivos:**

- Analizar o perfil da persoa emprendedora, despertando e potenciando un espírito e actitude emprendedoras desde unha cultura cooperativa.
- Describir a estrutura e fundamentos dunha empresa cooperativa, revisando os trámites precisos para a súa posta en marcha.
- Coñecer a natureza xurídica e os fundamentos formais do modelo cooperativo.
- Adquirir as pautas e nocións básicas para describir axeitadamente unha idea de negocio e analizar as súas potencialidades.

### **Temario:**

1. Que é unha empresa? Empresa e empresario/a. A empresa cooperativa
2. Perfil da persoa emprendedora.
3. Aspectos xurídicos e formais. Trámites para a constitución da cooperativa
4. O réxime económico, fiscal e laboral das cooperativas
5. A idea de negocio. Elaboración do plan de empresa cooperativa
6. Que ofrecemos?
7. Como o facemos?
8. Como o vendemos? A mercadotecnia
9. O plan económico e financeiro
10. Os órganos sociais da cooperativa. A participación nas cooperativas
11. A xestión do equipo humano
12. Recursos, ferramentas e axudas para o emprendemento cooperativo

## **CURSO DE TELEFORMACIÓN: “CULTURA FINANCEIRA E FINANZAS ÉTICAS PARA O EMPRENDEMENTO” (60H)**

Do 22 de setembro ao 19 de outubro.

### **Finalidade.**

Todas as persoas tomamos decisións ao longo da nosa vida, desde a infancia ata a xubilación, que teñen que ver coa xestión do noso diñeiro: compras, investimentos, aforros, gastos, consumo, pago de recibos, solicitude de préstamos... Por esta razón é fundamental ter uns coñecementos básicos en cultura financeira.

Para acadar isto, é necesario que as persoas se familiaricen co funcionamento dunha economía moderna e co significado e funcións do diñeiro. Este precisamente é o obxectivo fundamental deste curso, que ademais fará un achegamento a todos estes conceptos desde unha perspectiva da economía solidaria e alternativa.

### **Contido e plan de traballo.**

Prevese un calendario de impartición de 4 semanas, establecendo un calendario de titorías semais de luns a venres con 3 horas diarias.

### **Obxectivos:**

- Introducir os conceptos básicos sobre o funcionamento dunha economía e o papel do diñeiro, analizando as diferenzas entre economía real e economía especulativa.
- Reflexionar sobre as decisións económicas que unha persoa, empresa ou colectividade ten que tomar ao longo da súa vida, fomentando a cultura da responsabilidade.
- Describir os diferentes mercados, produtos e intermediarios financeiros existentes e o seu funcionamento, analizando as alternativas éticas e solidarias existentes desde unha perspectiva emprendedora.
- Sensibilizar sobre a importancia da ética nas finanzas e a responsabilidade social do sector financeiro.
- Contribuír ao desenvolvemento dunha cultura, actitudes e comportamentos orientados á innovación.

### **Temario:**

1. O funcionamento da economía e o papel do diñeiro nunha economía moderna
2. As decisións económicas de carácter persoal
3. O prezo do diñeiro e o aforro
4. Os produtos financeiros
5. Economía produtiva e economía especulativa
6. Conceptos sobre política económica: políticas monetaria e fiscal
7. Finanzas para o emprendemento. Finanzas éticas ao servizo das persoas e da economía produtiva
8. Experiencias de finanzas éticas e financiamento solidario en Galiza, no Estado e no mundo
9. Emprender e innovar. A innovación na empresa cooperativa

## **CURSO DE TELEFORMACIÓN: “COMO ELABORAR UN PLAN DE EMPRESA COOPERATIVA” (60 H)**

Do 29 de setembro ao 27 de outubro.

### **Finalidade.**

O Plan de Empresa é unha ferramenta de traballo para todas aquelas persoas ou colectivos que queiran pór en marcha unha iniciativa empresarial. É un documento escrito polas persoas promotoras do proxecto e nel están recollidos diferentes factores e os obxectivos de cada unha das áreas que interveñen na posta en marcha dunha empresa.

Neste curso estudaremos as claves para elaborar este documento dun xeito práctico e profesional, e ademais facendo fincapé na fórmula cooperativa como modelo paradigmático e extrapolable ao resto de fórmulas da Economía Social.

### **Contido e plan de traballo.**

Prevese un calendario de impartición de 4 semanas, establecendo un calendario de titorías semais de luns a venres con 3 horas diarias.

### **Obxectivos:**

- Comprender a utilidade e importancia dun plan de empresa cooperativa e coñecer e capacitar ao alumnado para a súa elaboración.
- Singualarizar a empresa cooperativa en relación coas empresas capitalistas convencionais.
- Coñecer os conceptos clave e empregar as ferramentas para elaborar os plans de mercadotecnia, económico-financeiro, produción e de recursos humanos.
- Adquirir os coñecementos para a toma de decisións formais e organizativas nunha organización.

### **Temario:**

1. Introducción. A importancia do plan de empresa
2. A empresa cooperativa
3. Os primeiros elementos dun plan de empresa
4. Descrición do negocio. O produto e o servizo
5. Plan de operacións de calidade
6. Plan de mercadotecnia estratéxica
7. Plan de mercadotecnia operativa
8. Plan de recursos humanos
9. Plan económico-financeiro
10. Plan xurídico, laboral e fiscal